

o mes de agosto. A presenza dos viños da Ribeira Sacra na Coruña resultara moi positiva e a organización quedara satisfeita. En 2004 no se celebrou a Mostra e este ano foi Vigo a cidade receptora dunha representación dos produtores da Ribeira Sacra. O presidente do Consello Regulador considera que "é conveiente realizar promocións a máis pequena escala do que é a Mostra para que nos permitan chegar a máis sitios". Este sistema de promoción podería iniciarse con motivo de presentar a nova colleita. Considera José Manuel Rodríguez González que "o mercado forte dos viños da Ribeira Sacra está en Galicia e as adegas aínda teñen moito camiño por andar".

Na Xª Mostra dos Viños da Ribeira Sacra celebrada na rúa viguesa de Montero Rivede o 4 ao 6 de agosto de 2005, estivo representada por catorce adegas: Guilmaro, Regina Varum, Bectoral de Amardi, Don Bernardino, Amedo, Santa María do Nogueira, Val Romana, San Mamede, Val de Quiroga, Casa Moreiras, Don Ventura, Adegas San José, Vinso dos Remedios e Don Ramón.

A Denominación de Orixe Ribeira Sacra ten 2.500 hectáreas de viñedo, 2.845 viticultores e 99 adegas que produción en 2004 máis de 4.600.000 quilogramos de uva nas cinco subzonas: Amardi, Chantada, Quiroga-Bibei, Ribeiras do Miño e Ribeiras do Sil. Mencía, godello, brancollón e treixadura son as variedades de uva máis se cultivan nestas zonas.



Visita ao stand de Adegas San José.



O subdelegado do Goberno en Lugo, en Adegas dos Bernardinos.



Catando o viño de Promotora Louisa Fernández.



Rosa Pomar, de Adega San Mamede.



Decampo no recinto de Bectoral de Amardi.



O deputado José Toral en Don Ramón Monforte.



Probando o viño Vila de Reira, de Val de Quiroga.



O subdelegado do Goberno en Pontevedra, en Casa Moreiras.